



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo LuisKsado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



**XUNTA DE GALICIA**  
**PRESIDENCIA**  
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2018.

### ASISTENTES

#### **PRESIDENTE DA F.G.M.**

Adolfo Puch Domínguez

#### **ESTAMENTO DE DEPORTISTAS**

Gustavo Vazquez Fariña  
José Miguel Merino Encinas  
Ignacio Rodríguez Pequeño  
Josefina Maestu Almeida  
María Luisa Martínez Bello  
Angel Gonzalez Iglesias  
Fernando Fernández Rey  
Pedro Outón Nieto

#### **ESTAMENTO DE TÉCNICOS**

Antonio Rodríguez Pena  
Katya Sanz Ochoa

#### **ESTAMENTO DE ÁRBITROS**

Xosé Lois Freixeiro López  
Manuel Domínguez Iglesias  
Raúl Leirós Gutierrez

#### **ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS**

Club Montaña Ferrol  
Club Montañeiros Celtas  
Club Montaña Xistra  
Asociación Os Sendeiros de Foz  
Club Caminhantes do Condado  
Club Car Marisqueiro  
Club Nosas Rutíñas  
Club Montaña Ribeira Sacra  
Aviva Sport Club  
Club Peña Trevinca Barco

Xan Antón Ramírez Gómez (Presidente)  
Lourdes Castiñeiras Souto (Presidenta)  
X. Henrique Freixeiro Cameselle (Presidente)  
Roberto Moris Fernández  
Cristóbal García González  
Ramiro Alvarez Nores  
José Carlos Rodríguez Pérez  
Xosé Antón Vázquez Pérez  
Oscar Roldán Vila (Presidente)  
José Miguel de la Cal González

#### **XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO**

David Pérez Araujo  
Laura Lado Blanco  
José Freire Santos  
Evaristo Fandiño Pérez  
José Manuel Pérez Prego

Vicepresidente 1º  
Secretaría Xeral  
Tesorero  
Contable  
Director Técnico da F.G.M.



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo LuisKsado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



**XUNTA DE GALICIA**  
**PRESIDENCIA**  
Secretaría Xeral para o Deporte

- **Apertura da Asemblea.**

As 20:30h comeza a Xunta dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvida ós asistentes.

- **Lectura e aprobación se procede do Acta anterior.**

Procedese a lectura do acta da asemblea do 12 de Maio de 2018. Faise constar varios puntos a corrixir:

1. Que se especifique as andainas de ese ano que eran do calendario federativo, que non habían aparecido por sorpresa
2. Que no peche de contas do 2017 deben corrixir a frase “Ao mesmo tempo solicita que se reclame o importe da débeda da Mutualidade Xeral Deportiva ou se proceda a súa provisión na contabilidade”
3. Na páxina tres corrixir a frase o mellor clube
4. Se corrixe o número de votos , que se indica na acta, Sr. Puch especifica que a xente entra e sae e produce erros na hora de contabilizar a xente.
5. Sr. Puch indica dentro das actividades sin asignar que o día do senderista o 7 de Abril se concreta que o vai facer o Club PeñaTrevinca. O 8 e 9 de Xuño a marcha con vivac a vai realizar AVIVA. Descenso de Barrancos a solicitou o Club de Montaña Xistra.
6. Sr. Pérez Araujo comenta que asistiu a xunta e que non consta na acta na parte de xunta directiva como director da escola. Pendente subsanar o erro.

O acta anterior queda aprobada por 24 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

- **Presentación da nova xunta directiva**

Adolfo comenta que está sin completar pero indica os nomes que hai ata ese momento.

PRESIDENTE	ADOLFO PUCH
VICEPRESIDENTE 1	DAVID PEREZ ARAUJO
VICEPRESIDENTE 2	IGNACIO JORGUE PASTOR
SECRETARIA XERAL	LAURA LADO BLANCO
TESOUREIRO	JOSÉ FREIRE SANTOS
VOCAL DIRECTOR DE SENDERISMO	RAUL GUTIERREZ
VOCAL DE MONTAÑISMO E REFUXOS	JOSÉ CARLOS RODRIGUEZ PEREZ
VOCAL DE PROMOCIÓN DE MONTAÑISMO FEMENINO	JOSEFINA MAESTU ALMEIRA
VOCAL DE COMUNICACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS	CRISTINA CONDE PEREZ
VOCAL DE ALPINISMO E ESQUI DE MONTAÑA	XOSÉ MANUEL OTERO FERNANDEZ
VOCAL DE MARCHA NORDICA	CELIA GARCÍA CARRARA
VOCAL DE ESCALADA E DIRECTOR DE CENTRO DE TECNIFICACIÓN DE ESCALADA	VACANTE
DIRECTORA EGAM	KATIA SANZ OCHOA
VOCAL DE BARRASQUISMO	ALFREDO IGLESIAS GRAÑA
VOCAL DE CARRERAS POR MONTAÑA	XOSÉ ANTÓN VÁZQUEZ PÉREZ
VOCAL DE ACCESOS E MEDIO AMBIENTE	ANA VÁZQUEZ IGLÉSÍAS
VOCAL DE EQUIPAMIENTOS E REQUIPAMIENTOS	ALFONSO LOURO FUENTES



### DELEGADOS PROVINCIALES DE LA FEDERACIÓN

DELEGADO DA FGM PROVINCIA DA CORUÑA	Xan Ramirez Gómez
DELEGADO DA FGM PROVINCIA DA LUGO	Roberto Morís Fernández
DELEGADO DA FGM PROVINCIA DA OURENSE	VACANTE
DELEGADO DA FGM PROVINCIA DA PONTEVEDRA	Nacho Rodríguez Pequeño

### ASESORES DA XUNTA DIRECTIVA

STAFF ADMINISTRATIVA E TÉCNICA	Mª Isabel Alonso Otero
DIRECTOR TÉCNICO	Xosé Manuel Pérez Prego
CONTABLE	Evaristo Fandiño Pérez
ASESORA XURÍDICA	Ana Alonso Otero
ASESOR RELACIÓNS CON INSTITUCIÓNS PÚBLICAS	Iñaki Bilbao Castro

- **Orzamento 2019:**

Sr. Puch comenta que xa enviado o presuposto a todos e todas, comentar que hai unha serie de dúbidas, como por exemplo a cantidade que se iba percibir na Xunta de Galicia. Por mor do cambio na dirección da Secretaria Xeral para o Deporte

A vista da EVOLUCIÓN NÚMERO DE LICENCIAS, Sr. Puch propón falar deste temán na Asamblea de Abril para ver o número mais concreto de licencias tramitadas. Fai mención o uso dos refuxios que nos últimos anos foi en decrecemento. En canto a homologación de sendeiros, dí que funciona bastante ben, tamén pon en coñecemento. Se pon en coñecemento o problema existente nas carreiras de montaña e manifesta que a FGM vai defender as súas competencias neste campo.

Preguntan si no apartado de ingresos non se espera algunha cantidade por participación en campionatos de escalada como a propia inscrición. Sr. Puch conclúe con, todo organizador de unha copa ou un campionato en Galicia o igual que no resto de España tenderan pagar un canon a FGM para compensar os gastos federativos nas probas.

Comentan o incremento que vai recibir CARREIRAS DE MONTAÑA que no 2018 foi de 5.000€ e para o 2019 vai ser de 10.000€, o incremento ven polo desfase que hai entre o previsto e o que realmente se está gastando. Sr. Puch expón o acordado na xunta directiva que no 2019 intentarían que participen nas competicións as persoas que teñen mais posibilidades, é dicir, reducir o número de costes enviando a menos participantes pero de maior calidade. Sr. Vázquez Pérezquere que se expoña na FEDME en que se mire as datas das carreiras para que non coincidan con datas de temporada alta, onde os coste de traslados son mais elevados.

No punto de PROMOCIÓN DE CLUBES, o Sr. Freixeiro López, comenta que hai unha partida de 3.000€, e que comparado con anos anteriores é unha cantidade insignificante. Tendo en conta o váremo que se aprobou vai tocar a nada. Sr. Puch dí que é mesma cantidade que anos atrás, o Sr. Freixeiro López rebátelle que non, conclúe Sr. Puch que o máximo que se dotou esa partida foi de 6.000€. o Sr. Freixeiro fai fincapé que o dividendo é moi pequeno e o divisor aumentou, co cal as cantidades que quedan son irrisorias. Sr. Outón Nieto propón que unha vez reunidos na próxima esemblea contabilizado o ingreso por tarxetas federativas, a cantidade destinada a promoción de clubs se poda aumentar. Por outro lado, comenta o Sr. Freixeiro López que fai dous anos quedou aprobado a eliminación do premio en metálico ao mellor Club.



Preguntan referente o ENCONTRO ANUAL DE ALPINISTAS que o ano pasado quedou fora, e este ano non ve o segundo encontro anual de alpinistas. Sr. Puch comenta que foi unha gran experiencia organizada polo vocal de alpinismo Sr. Xosé Otero. A actividade foi un gran éxito. A intención era repetilo pero non hai acordo co alcalde de Torrebarrio.

Pidese aclaración sobre os gastos das ACTIVIDADES CLÁSICAS onde figuran 950€ e en ingresos figuran 700€, esa diferenza de 250€, preguntan si a vai levar o club por organizar. Sr. Puch queda en que este apartado hai que revisalo. O contable explica que é un gasto referido o autobús.

A Sra. Castiñeira Souto pregunta sobre varias temas: a proba galega BLOQUE INDOOR aparece reflexado 4.400€, hai unha partida que pon PROBA DE RANKING FEDME MARCHA NÓRDICA con 2.500€, outra partida de COPA GALEGA DE CAMPEONATO ESCALADA INFANTIL XUVENIL con 3.300€. Hai unhas actividades PROMOCIÓN INFANTIL XUVENIL con 2.500€ e un CENTRO DE TECNIFICACIÓN DE ESCALADA 8.800€, preguntan si realmente temos todo ese mundo de escalar. Contesta Sr. Puch que si, e que é a única modalidade que é olímpica. Se di que xeneran gastos pero non están reflexados ingresos. Sr. Puch contesta recordando que está previsto cobrar unha cuota, incluso levar un porcentaxe das inscricións .

A COPA GALEGA DE ESCALADA INFANTIL E XUVENIL, preguntan cantas probas son, o Sr. Perez Araujo contesta explicando que este ano vai ter un cambio debido a que a persoa que o levaba xa non está. Falando cos adestradores do equipo de tecnificación se vai elaborar un organigrama e se farán reformas na copa galega de bloque e na copa galega de base.

O Sr. Fandiño Pérez comenta que os ingresos por HOMOLOGACIÓN DE SENDEIROS no 2018 é de 36.921€ e este ano está previsto 18.000€, preguntan si se espera que baixe a metade. Sr. Puch dice que é unha estimación e que o importe correspondente o 2018 foi unha excepción.

Sr. Puch comenta a PARTIDA DE SOLDOS. Destaca que temos o mesmo persoal a día de hoxe con 5.500 licencias e o triple de clubs que cando había 2.000 licencias e con 33 clubs. Se pretende que Xosé Manuel pase a traballar 8 horas co obxectivo de facer proxectos para obter espónsor. Se lles sube o soldo un pequeno porcentaxe, xa que levaba conxelado varios anos.

**O orzamento 2019 queda aprobado por 24 votos a favor, 0 en contra e 0 abstención**

- **Calendario actividades 2019**

O Presidente indica que non se realizou o calendario pormenorizado por razón obvias relacionadas co proceso electoral. Se acorda que nos próximos días sexa enviado o calendario definitivo. Se mantén a dinámica do ano anterior. Solo se fará un evento de carácter estatal que será A MARCHA NÓRDICA.

Sr. Pérez Araujo indica que a data para o primeiro campionato de Marcha nórdica será 24 de Marzo na Coruña.

Sra. Katya Sanz informa que calendario da escola ten 24 cursos, que son case os mesmos que no 2018.

Sr. Puch deixa claro que cada vogalía, a partir de este ano, deberan elaborar o seu presuposto para presentar a xunta directiva.

O Sr. Pérez Araujo comenta que o material deportivo que están a prestar os clubs aos seus socios, en moitas ocasións, non presenta as condicións de mantemento adecuadas, coas responsabilidades que isto pode levar.



O calendario 2019 queda aprobado por 24 votos a favor, 0 en contra e 0 abstención

• **Prezo licenzas federativas 2019**

Hai un pequeno axuste de céntimos que o asume a federación, co cal quedan todas o mesmo prezo. Sr. Puch resalta un dato importante: os nenos (Xuvenís e Infantís) con pais federados poden disfrutar dun 50% na cuota do seguro.

O Sr. Fernandez Rey expo unha comparativa de prezos das diferentes federacións, o seu entender dí que a FGM é das mais caras. Sr. Puch lle pide a Fernando que se pase pola federación para estudar a comparativa e ver que a FGM non é das mais baratas.

Sr. Castiñeiras Souto comenta que, no 2017, fixeron 46 licenzas autonómicas infantís, 124 licenzas FEDME, 17 xuvenís. Isto supuxo para o club, 786€ de subvencións; pregunta por que un club ten se subvencionar a cuota federativa a infantís e xuvenís. Propón que se **ELIMINE A CUOTA DA FGM** das licenzas infantís e xuvenís que non supón nin un 2% dos ingresos.

Sr. Perez Araujo comenta que la FEDME recibe da FGM polas licenzas federativas 60.000€. E esa cantidade non ten repercusión na FGM. Valorar si esa cantidade vale a pena pagarlla a FEDME. Sr. Freixeiro López Indica que ese importe sae de cada federado e non da FGM. Sr. Pérez Araujo dí que esa cantidade pode axudar ou repercutir na FGM.

Solicitan que se poña ben o número de telefono nas tarxetas federativas. Sr. Puch avisa que se cambiará.

As licenzas quedan aprobadas por 22 votos a favor, 2 en contra e 0 abstencións

• **Rogos e preguntas.**

Sr. P pide que non coincidan as actividades. Sr. Puch í que con todas as activades que se organizan é imposible que non coincida.

O presidente agradecendo a presenza dos assembleistas, da por concluida a Esemblea Xeral extraordinaria as 22:15h

Adolfo Puch Domínguez  
Presidente

Laura Lado Blanco  
Secretaria Xeral